

Horas de atención
–
Horas mensuais

Grao II. Dependencia severa:

Nivel 2 Entre 40 e 55
Nivel 1 Entre 30 e 40

ANEXO II

Contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel para o ano 2007

Graos e niveis	Prestación económica vinculada ao servizo	Prestación económica para coidados no contorno familiar	Prestación económica de asistencia persoal
	– Euros mensuais	– Euros mensuais	– Euros mensuais
Grao III. Nivel 2	780	487	780
Grao III. Nivel 1	585	390	585

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11449 REAL DECRETO 662/2007, do 25 de maio, sobre selección e reprodución de gando equino de razas puras. («BOE» 138, do 9-6-2007.)

A Directiva do Consello 90/427/CEE, do 26 de xuño de 1990, relativa ás condicións zootécnicas e xenealóxicas que regulan os intercambios intracomunitarios de équidos, constitúe a base en que se apoia a lexislación comunitaria sobre selección e reprodución de razas de gando equino, con especial tratamento dos libros xenealóxicos. Os criterios e requisitos para o recoñecemento oficial das asociacións de criadores prevense na Decisión 92/353/CEE da Comisión, do 11 de xuño de 1992, pola que se establecen os criterios para a autorización ou o recoñecemento das organizacións e asociacións que leven ou creen libros xenealóxicos para équidos rexistrados.

Dentro deste marco, mediante o Real decreto 1026/1993, do 25 de xuño, sobre selección e reprodución de gando equino de razas puras, incorporouse ao noso ordenamento esta directiva. Esta norma foi derogada mediante o Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, que, mantendo os criterios comunitarios, establecía as condicións zootécnicas e xenealóxicas dos équidos de pura raza e équidos rexistrados, o réxime xurídico referente á xestión dos libros xenealóxicos, os procedementos e criterios de inscrición e as pautas para a selección de reprodutores.

En función da favorable evolución deste sector, posta de manifesto polo incremento do censo rexistrado en libros xenealóxicos, da mellora da calidade e pola proxección internacional dos équidos criados en España, tanto de razas propias coma foráneas, procede modificar a dita normativa, o cal permitirá, por outra parte, equiparar a normativa reguladora en materia de selección e reprodución á existente para o resto de especies gandeiras. Así, liberalízase o réxime daqueles libros xestiona-

dos por un servizo oficial para que poidan xestionalos as asociacións recoñecidas con eses fins, sempre que cumpran os requisitos previstos nesta disposición, e establécense algunhas obrigas para garantir a adecuada xestión das razas, evitando que a posible dispersión de criterios entre as asociacións poida comprometer a correcta aplicación dos programas de mellora.

Así mesmo, a normativa comunitaria pretende acadar un desenvolvemento racional da produción de équidos e incrementar a súa produtividade e a súa calidade, polo que regula os criterios zootécnicos dos équidos rexistrados e do seu material xenético, para garantir o libre comercio e as importacións, de tal forma que as transaccións entre países se realicen harmonizadamente e non se limiten ou obstaculicen por razóns zootécnicas as inscricións nos libros xenealóxicos e o recoñecemento de asociacións, polo que é preciso unha normativa que achegue uns criterios comúns que reforcen as garantías zootécnicas, facilitando así o comercio exterior e a incorporación aos programas de mellora de animais que xa presentan un valor engadido.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Este real decreto ten por obxecto establecer:

- O réxime xurídico do recoñecemento oficial das asociacións de criadores de équidos rexistrados para o mantemento ou xestión dos libros xenealóxicos.
- As condicións zootécnicas e xenealóxicas que regulan os intercambios comunitarios de équidos e as importacións de países terceiros.
- O réxime xurídico dos libros xenealóxicos de équidos así como os criterios de inscrición dos animais, e de selección de reprodutores neles.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos deste real decreto entenderase como:

- Équido: o animal doméstico da especie equina ou asnal, ou o animal obtido do cruzamento destas.
- Équido rexistrado: o équido inscrito ou rexistrado nun libro xenealóxico ou que poida selo, identificado mediante o documento a que se refire o artigo 22.3. Os équidos rexistrados serán considerados de raza pura.
- Libro xenealóxico: calquera libro, rexistro, ficheiro ou sistema informático levado por unha asociación recoñecida oficialmente, no cal se inscriban ou rexistren os équidos de cada raza, facendo mención de todos os seus ascendentes coñecidos.
- Control técnico dunha raza: labor de supervisión e verificación da adecuada estrutura e xestión do libro xenealóxico e do programa de mellora das razas puras equinas, que realiza a autoridade competente.
- Programa de mellora: conxunto de actuacións sistematizadas, deseñadas e desenvolvidas para a con-

servación, a selección e a avaliación xenética dos mellores animais dunha raza, a través do control de rendementos, para destinalos á reprodución, consonte uns determinados caracteres desexables definidos polos obxectivos de cría desa raza, co fin de que estes caracteres sexan transmitidos á descendencia.

Artigo 3. *Razas puras equinas.*

1. Esta regulación seralles de aplicación ás razas puras equinas incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España, así como ás razas cabalo de deporte español, bretona, portier-bretona, percherona e ardenesa e équidos rexistrados que, para os efectos desta disposición, serán considerados como de raza pura.

2. Terán a consideración de razas de ámbito nacional aquelas cuxos exemplares estean distribuídos en, cando menos, tres comunidades autónomas, sempre que o censo na comunidade autónoma predominante non exceda o sesenta por cento do total de reprodutoras.

3. As comunidades autónomas establecerán os criterios de pureza determinantes das razas do seu ámbito, de acordo co previsto neste real decreto.

CAPÍTULO II

Recoñecemento oficial de asociacións de criadores

Artigo 4. *Recoñecemento de asociacións para o mantemento dos libros xenealóxicos.*

1. O recoñecemento oficial das asociacións de criadores para o mantemento dos libros xenealóxicos efectuarao, por solicitude destas, a autoridade competente.

2. As asociacións recoñecidas só poderán xestionar os libros das razas a que representen e respecto das cales obtivesen o recoñecemento oficial.

Artigo 5. *Requisitos para o recoñecemento das asociacións.*

1. Sen prexuízo do previsto neste artigo, o recoñecemento das organizacións e asociacións que leven ou creen libros xenealóxicos estará subordinado ao respecto dos principios establecidos pola organización ou a asociación que leve o libro xenealóxico de orixe da raza, de acordo coa normativa e regulamentación técnica nacional e internacional.

2. As asociacións serán recoñecidas se cumpren, cando menos, os seguintes requisitos:

- a) Ter personalidade xurídica.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Dispoñer dos seguintes medios:

1.º Persoal suficiente e cualificado para atender o bo desenvolvemento das funcións propias do libro ou libros xenealóxicos que incluírá, cando menos, un director técnico do libro xenealóxico, que será titulado universitario con coñecementos e formación en materia zootécnica.

2.º Equipamento e material informático ou mecánico adecuados ás funcións que se van desenvolver, especialmente para o tratamento de datos.

3.º Modelos de impresos normalizados para informe e tratamento de datos dentro dos distintos rexistros.

d) Ter recursos económicos suficientes para xestionar libros xenealóxicos, segundo o censo da raza e a súa distribución territorial.

e) Posuír uns efectivos mínimos de animais e de criadores que permitan desenvolver un programa de mellora, en número igual ou superior ao que estableza, se é o caso, a regulamentación aplicable a cada raza.

f) Contar cunha base de datos informática para ordenar e difundir os datos referentes aos équidos rexistrados.

g) Acreditar que ten medios para realizar os controis analíticos de filiación, que inclúan a dispoñibilidade de servizos de laboratorio para estes efectos, propios ou alleos, homologados polo laboratorio nacional de acordo co artigo 25.

h) Achegar os criterios zootécnicos ou regulamentación que utilizará para a xestión do libro xenealóxico e o programa de mellora, avalado por un departamento de xenética ou entidade científica especializada, incluíndo cando menos:

- 1.º Prototipo racial.
- 2.º Identificación dos animais.
- 3.º Requisitos xenealóxicos e estrutura do libro.
- 4.º Utilización dos datos xenealóxicos e dos reprodutores con fins selectivos e sistemas de valoración e cualificación destes.
- 5.º Esquema de selección ou conservación da raza con obxectivos de cría definidos.
- 6.º Criterios de utilización ou, se é o caso, limitación, dos métodos de reprodución, natural ou asistida.
- 7.º Procedemento para os controis de filiación.

i) Garantir nos seus estatutos ou norma interna de funcionamento que no desenvolvemento das actividades propias da asociación non se producirá discriminación ningunha entre os seus socios ou entre os seus socios e os demais gandeiros, e que calquera criador que o desexe e cumpra as condicións exixibles se poderá integrar na asociación.

Artigo 6. *Competencia.*

1. A autoridade competente para o recoñecemento das asociacións para o mantemento dos libros é:

a) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a asociación solicitante, de ámbito nacional, o solicite para a xestión dun libro xenealóxico dunha raza equina de ámbito nacional de acordo co artigo 3.2.

b) No resto dos casos, a comunidade autónoma en que radique a raza.

2. Cando o recoñecemento oficial da asociación para o mantemento do libro xenealóxico lle corresponda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o prazo máximo en que debe ditarse e notificarse a resolución expresa será de seis meses, contados desde a entrada da solicitude nel.

Transcorrido o dito prazo sen recibir a correspondente notificación, a solicitude de recoñecemento entenderase estimada e a solicitante recoñecida, salvo que careza dos requisitos esenciais para isto, segundo dispón o artigo 62.1.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Concurrencia de asociacións.*

1. Cando exista unha asociación recoñecida para o mantemento dun libro dunha raza pura e calquera outra asociación solicite o seu recoñecemento para o mantemento dun libro da mesma raza, esta deberá acreditar que representa, polo menos, o 25 por cento dos gandeiros da raza e que inclúe, polo menos, o 30 por cento do censo de reprodutoras inscritas e, no caso das asociacións cuxo recoñecemento sexa competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ter unha distribución xeográfica representativa da implantación da raza a nivel nacional.

2. Malia o cumprimento dos requisitos anteriores, a autoridade competente poderá denegar o recoñece-

mento cando este poida poñer en perigo o programa de mellora que desenvolve a asociación xa recoñecida, ou comprometer o seu funcionamento, por incompatibilidades de criterios zootécnicos, por falta de conexións na base de datos da raza ou pola diminución do censo mínimo necesario para garantir a súa viabilidade, de acordo coa regulamentación oficialmente aprobada e a situación de cada raza.

Artigo 8. *Obrigas das asociacións.*

As asociacións recoñecidas deberán xestionar os libros xenealóxicos como dispón este real decreto e a súa normativa de desenvolvemento e cumprir, ademais, as seguintes obrigas:

a) Informar por requirimento da autoridade competente, cando menos anualmente, do funcionamento do libro de que se trate e do programa de mellora, así como da información da base de datos prevista no artigo 9 e das incidencias de interese acaecidas en relación coa raza, especialmente no referente ao seu censo, expansión nacional e internacional, probas de cualificación e selección, certames e, se é o caso, os regulamentos de aplicación.

b) Facilitar o acceso ás súas bases de datos relativas aos libros xenealóxicos e ao programa de mellora, necesarios para constituír a base de datos única por cada raza, segundo o disposto no artigo 9.

c) Desenvolver un programa de mellora para cada unha das razas das que xestionen libros xenealóxicos, que lle será presentado para a súa aprobación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, se é o caso, á comunidade autónoma que outorgou o recoñecemento oficial.

d) Realizar publicacións, boletíns informativos e divulgación da información do libro xenealóxico e outras actividades relativas á raza, así como a difusión da mellora.

e) Prestar os servizos do libro xenealóxico sen discriminación a calquera titular dun équido de raza pura que o solicite, sexa ou non socio, e independentemente da súa localización.

f) Acreditar o funcionamento do libro de que se trate e do programa de mellora, de acordo cos criterios técnicos ou científicos imperantes en cada momento.

Artigo 9. *Bases de datos.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirá unha base de datos única para cada raza en que figurarán os datos relativos aos libros xenealóxicos que xestionen as asociacións oficialmente recoñecidas por este ministerio e a información relativa aos programas de mellora.

2. Cada asociación recoñecida deberá dispor dunha base de datos que aglutine a seguinte información:

a) O libro ou libros xenealóxicos que xestionen cos datos dos animais.

b) Os resultados da valoración de reprodutores e do programa de mellora.

c) Os resultados dos controis de rendementos.

d) A relación de criadores cos seus efectivos.

e) Calquera outro dato de interese para a conservación e fomento da raza.

3. As asociacións deberánlles dar acceso ás súas bases de datos ás administracións públicas, a cada criador ou propietario e aos demais cidadáns que acrediten un dereito ou interese lexítimo, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

No caso de que existan asociacións que xestionen libros correspondentes a unha mesma raza, integrarán os seus datos nunha soa base de datos xestionada por unha delas, ou por un terceiro designado por ambas coa autorización da autoridade competente ou, alternativamente, deberánlle transmitir os datos que consten nas súas bases á autoridade competente para que esta os inclúa nunha base de datos común a cada raza.

4. Para diferentes razas cuxo obxectivo de selección poida ser común a todas elas, poderanse constituír bases informáticas comúns que integren a información dos animais que participen nos programas de mellora aprobados, con base nos datos, actualizados periodicamente, que estas proporcionen.

Artigo 10. *Extinción do recoñecemento.*

A autoridade competente correspondente poderá declarar extinguido o recoñecemento dunha asociación cando concorra, cando menos, algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a asociación deixe de reunir algún dos requisitos para o recoñecemento establecidos no artigo 5.

b) Que a asociación incumpra reiteradamente calquera das obrigas reguladas no artigo 8.

Artigo 11. *Asociacións de segundo grao.*

1. As administracións públicas promoverán a constitución de federacións ou asociacións de segundo grao, que integren asociacións que existan para as mesmas ou diferentes razas, para o mantemento ou coordinación de libros xenealóxicos.

2. No caso de que algunha ou algunhas das asociacións que se integren estivese xa recoñecida para o mantemento de libros xenealóxicos, poderán decidir se a integración operada é para o mantemento dun libro único ou para a coordinación de cada un dos libros das asociacións que se integran.

Artigo 12. *Comunicación de datos.*

1. As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os recoñecementos oficiais das asociacións que efectúen, así como as resolucións de desestimación ou de extinción do recoñecemento.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación daralle traslado dos datos previstos no punto anterior, así como dos recoñecementos oficiais das asociacións que efectúe o dito ministerio, xunto coas denegacións ou revogacións daquelas, á Comisión Europea.

Artigo 13. *Rexistro xeral de asociacións.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación disporá dun rexistro xeral de asociacións de criadores de équidos de razas puras onde se incluírán todas aquelas que obtivesen o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto.

Artigo 14. *Regulamentacións zootécnicas específicas.*

1. As regulamentacións zootécnicas específicas, incluídos os criterios de inscrición, cualificación e filiación dos animais, o programa de mellora e a utilización ou, se é o caso, limitación dos métodos de reprodución, achegadas coa solicitude segundo se establece no artigo 5.2.h), quedarán aprobadas, se é o caso, pola autoridade competente, con informe do departamento de xenética ou entidade científica especializada correspondente, ao

mesmo tempo que se outorgou o recoñecemento oficial solicitado.

2. As razas non autóctonas que se rexen polas normativas de orixe ditadas por organismos internacionais ateranse aos criterios establecidos por estes organismos.

Artigo 15. *Control técnico.*

1. A Dirección Xeral de Gandaría, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizará o control técnico dos libros xenealóxicos e a supervisión do funcionamento das asociacións de criadores de razas puras equinas recoñecidas oficialmente por este, para cuxo efecto poderá designar o inspector ou inspectores de raza correspondentes, que terán a condición de funcionario. Así mesmo, coordinará, nos casos previstos na normativa aplicable, as actuacións de control técnico que afecten as asociacións, os libros xenealóxicos, programas de mellora ou as actividades relativas a máis dunha comunidade autónoma, de acordo coas autoridades competentes das comunidades autónomas de que se trate.

2. Igualmente, as comunidades autónomas realizarán as ditas funcións respecto das asociacións recoñecidas por estas.

Artigo 16. *Ámbito do control técnico.*

1. O inspector de raza designado pola autoridade competente ten como misión verificar e supervisar a xestión dos libros xenealóxicos e a aplicación do programa de mellora para garantir o cumprimento da regulamentación zootécnica específica, así como a correcta aplicación das subvencións públicas para a conservación, a selección e o fomento das razas gandeiras puras.

2. O inspector de raza desempeñará, polo menos, as seguintes funcións:

a) Realizar o control técnico da aplicación das normas establecidas para cada raza, tanto a nivel nacional coma internacional, e comprobar que os équidos que proveñen doutros países cumpren os requisitos para seren inscritos nos libros xenealóxicos españois.

b) Inspeccionar a aplicación das regras para a inscrición de équidos nos libros xenealóxicos, o control de rendementos e o programa de mellora, para comprobar a aplicación das normas correspondentes.

3. Á vista dos resultados do control efectuado, poderán iniciarse, cando menos, as seguintes actuacións:

a) Propoñer as actuacións en materia de xestión dos libros xenealóxicos que deban ser reexaminadas.

b) Propoñer a declaración de extinción do recoñecemento dunha asociación para a xestión dos libros xenealóxicos polo incumprimento dos requisitos e obrigas que determinaron aquel ou pola inadecuada aplicación da regulamentación zootécnica da raza.

CAPÍTULO III

Intercambios intracomunitarios e importacións de países terceiros

Artigo 17. *Intercambios intracomunitarios de équidos.*

1. Cando un équido rexistrado procedente doutro país da Unión Europea sexa trasladado a España, terá que ser inscrito nun libro xenealóxico da súa raza xestionado en España, salvo excepción convida de mutuo acordo entre as dúas asociacións oficialmente recoñecidas de que se trate, ou entre a asociación española ofi-

cialmente recoñecida e o servizo oficial do outro país da Unión Europea.

2. Se os estatutos das asociacións o permiten, o nome de orixe do équido poderá ir precedido ou seguido por outro nome, incluso con carácter provisional, coa condición de que o nome de orixe se manteña entre parénteses, durante a vida do équido de que se trate, e que se indique o seu país de nacemento por medio das siglas recoñecidas nos acordos internacionais.

Artigo 18. *Comercio intracomunitario de esperma, óvulos e embrións de équidos de raza pura.*

O esperma, os óvulos e os embrións dos équidos de raza pura que se comercialicen irán acompañados dun certificado zootécnico de orixe e de identificación, expedido pola asociación oficialmente recoñecida de que se trate, que se deberá redactar, cando menos, en castelán e na lingua do país de destino, e conforme o modelo establecido pola Decisión 96/79/CE da Comisión, do 12 de xaneiro de 1996, pola que se establecen os certificados zootécnicos relativos ao esperma, aos óvulos e aos embrións dos équidos rexistrados.

Artigo 19. *Importacións de équidos procedentes de países terceiros.*

Sen prexuízo do previsto no Real decreto 52/1995, do 20 de xaneiro, que establece os principios relativos ás condicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de países terceiros, as importacións de équidos, para a inscrición destes no libro xenealóxico de que se trate, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Comunicación previa da importación á asociación recoñecida oficialmente para o mantemento do libro xenealóxico onde se vaian inscribir.

b) Achega do documento de acompañamento previsto na normativa aplicable da Unión Europea ou, se é o caso, o certificado de exportación emitido pola asociación recoñecida oficialmente para o mantemento de libros xenealóxicos que xestione o libro xenealóxico de orixe ou, se é o caso, o servizo oficial correspondente.

c) Verificación da identidade do équido importado pola asociación recoñecida oficialmente para o mantemento de libros xenealóxicos que xestione o libro xenealóxico de orixe.

d) Cumprimento das condicións para a inscrición no libro xenealóxico desa raza.

Artigo 20. *Convenios para a inclusión de animais de pura raza doutros países.*

1. As asociacións oficialmente recoñecidas para o mantemento do libro xenealóxico de que se trate poderán subscribir acordos cos servizos oficiais ou as asociacións de criadores doutros países, para a inclusión dos seus animais no libro xenealóxico correspondente no noso país, sempre que esas asociacións estean legalmente constituídas de acordo coa normativa interna do país de que se trate e garantan o cumprimento dos criterios establecidos nesta disposición para a inscrición dos animais.

2. Para a realización destes acordos será preceptivo o informe favorable da autoridade competente correspondente que apoie a conformidade dos criterios e principios polos que se rexen os servizos oficiais ou as asociacións de criadores do outro país coa normativa aplicable en España para garantir a correcta inscrición dos animais.

CAPÍTULO IV

Libros xenealóxicos

Artigo 21. *División dos libros xenealóxicos.*

1. Todo libro xenealóxico estará integrado, cando menos, por un rexistro de nacementos e un rexistro principal.

2. No rexistro de nacementos inscribíranse aqueles équidos de ambos os sexos nados de reprodutores pertencentes ao rexistro principal ou ao rexistro auxiliar, no caso de que exista este último, e que cumprisen as condicións do artigo 23.

3. No rexistro principal inscribíranse aqueles exemplares que procedan do rexistro de nacementos, cumpran as condicións establecidas, se é o caso, para cada raza e cumprisen 3 anos ou, se é o caso, a idade exixida na normativa propia de cada raza.

Dentro deste rexistro poderán existir determinados rexistros especiais, salvo previsión expresa distinta da normativa internacional ou, se é o caso, nacional, propia da raza.

4. Ademais, salvo nos supostos en que, de conformidade coa normativa internacional, non sexa posible, poderanse constituír os seguintes rexistros, que se axustarán á regulamentación específica de cada raza:

a) Rexistro auxiliar: para aqueles équidos ou os seus descendentes que, ou ben teñen algunha xenealoxía descoñecida, ou ben non foron rexistrados no seu momento por recibir a cualificación de «non apto» para a reprodución ou por outras circunstancias, pero que superen o exame de cualificación previsto para cada raza e demostren por eles mesmos ou polos seus descendentes unhas calidades morfolóxicas e funcionais notables.

Os descendentes destes animais poderán acceder ao rexistro de nacementos, se os ditos animais se reproducen con reprodutores do rexistro principal, nas condicións que se determinen para cada raza.

b) Rexistro fundacional: para libros xenealóxicos de nova creación, que non contan con exemplares rexistrados, no cal se inclúen aqueles animais que cumpran as características mínimas establecidas regulamentariamente ou, se é o caso, para libros xenealóxicos anteriormente establecidos que, a xuízo da autoridade competente, contan cun número escaso de efectivos inscritos, polo que se fai necesaria a súa reapertura aos animais que cumpran coas ditas características.

c) Rexistro de méritos: no cal se inscribíran os animais que demostrasen unhas calidades morfolóxicas e funcionais sobresalientes, segundo a regulamentación específica de cada raza.

Artigo 22. *Identificación dos équidos.*

1. Dos équidos de razas puras equinas deberase realizar un breve apuntamento tras o seu nacemento. O apuntamento realizarao un veterinario designado pola asociación oficialmente recoñecida para o mantemento do libro xenealóxico da raza correspondente ou, se é o caso, a comunidade autónoma onde se realice o apuntamento, preferentemente ao pé da nai e antes da desteta, e complementarase coa implantación dun sistema electrónico de identificación adecuado á normativa UNE-ISO 11784 e UNE-ISO 11785, e coa toma de mostras, se é o caso, para a realización da análise dos seus marcadores xenéticos.

O apuntamento poderase actualizar, no caso de animais que se cualifiquen para a reprodución, no dito acto cualificativo, ou por solicitude do gandeiro, en calquera momento, en especial no caso de équidos importados,

para unha maior exactitude e concordancia do contido do rexistro coas características dos équidos.

2. Non obstante o anterior e sempre que o preveña a regulamentación específica, a toma de mostras para análises de marcadores xenéticos poderase realizar por mostraxe significativa ou comprender soamente a realización de análises de marcadores xenéticos do pai.

3. Os équidos rexistrados deberán ir acompañados, para o seu movemento, dun documento de identificación conforme o modelo previsto na Decisión 93/623/CEE da Comisión, do 20 de outubro de 1993, pola que se establece o documento de identificación (pasaporte) que debe acompañar os équidos rexistrados, e na Decisión 2000/68/CE da Comisión, do 22 de decembro de 1999, pola que se modifica a Decisión 93/623/CEE da Comisión e se regula a identificación dos équidos de crianza e de renda.

4. A autoridade competente poderá establecer excepcións ao sistema de identificación dos équidos de acordo coa normativa comunitaria.

Artigo 23. *Inscripción dos équidos no libro xenealóxico.*

1. Só serán obxecto de inscrición nos seus respectivos libros xenealóxicos os exemplares en que concorran as circunstancias que se especifican neste real decreto e cuxa orixe e xenealoxía fosen debidamente contrastadas.

2. No rexistro de nacementos do libro xenealóxico correspondente a cada unha das razas practícarase a inscrición, como produtos a título de ascendencia, dos équidos para os cales se solicite e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Provir de proxenitores inscritos nun libro xenealóxico desta raza, ou de proxenitores admitidos en cruzamento para producir a esa raza, levado por unha asociación recoñecida oficialmente para tales efectos.

b) Estar identificados e, se é o caso, ter comprobada a filiación mediante a análise dos marcadores xenéticos, seguindo os criterios internacionalmente recoñecidos e segundo determine a regulamentación de cada raza, de acordo co previsto no artigo 22.2.

c) Ter sido declarada a cubrición, cando esta fose realizada por monta natural, ou a inseminación artificial ou a transferencia de embrións, no caso de que isto fose posible de conformidade coa regulamentación propia de cada raza, polo facultativo veterinario responsable destas.

d) Ter sido declarado o nacemento a través dos documentos ou impresos establecidos para estes efectos.

e) Ter sido identificados, segundo establece o artigo 22.

3. Os équidos que non cumpran os requisitos do punto anterior poderán ser inscritos a título inicial, cando así o permita a regulamentación da súa raza, e á reserva das actuacións posteriores correspondentes, como reprodutores, se cumpren as seguintes condicións:

a) Ter sido identificados segundo establece o artigo 22.

b) Ter superadas as condicións morfolóxicas e funcionais establecidas para ese libro xenealóxico.

Artigo 24. *Programa de mellora e control de rendementos.*

O desenvolvemento do programa de mellora e a realización do control de rendementos, como instrumento para a determinación do valor xenético dos équidos, poderán realizarse a través dos seguintes medios:

- a) Probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas e aptitudes.
- b) Probas de testaxe realizadas en estacións de control de rendementos ou centros de adestramento autorizados, para homologar as condicións dos animais e do medio onde se desenvolven.
- c) Probas de valoración individual dos reprodutores.
- d) Probas de campo.
- e) Probas para a cualificación morfolóxica lineal.
- f) Concursos morfolóxicos e funcionais.
- g) Competicións nas diversas disciplinas hípcas.
- h) Laboratorios ou centros de locomoción.

Artigo 25. Laboratorio nacional de referencia de identificación e control de filiación.

O Laboratorio Central de Veterinaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sito en Algete, designase como centro de referencia para a realización dos marcadores xenéticos e a homologación das técnicas de análise para a identificación e o control de filiación dos animais, para garantir as xenealoxías dos équidos inscritos nos libros xenealóxicos.

Disposición adicional única. Asociacións xa recoñecidas.

As asociacións recoñecidas ao abeiro do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción, manterán este recoñecemento nos mesmos termos e para os mesmos efectos que o obtiveron.

Disposición transitoria primeira. Xestión transitoria dos libros xenealóxicos das razas puras equinas de ámbito nacional pola Administración xeral do Estado.

A xestión dos libros xenealóxicos das razas puras equinas de ámbito nacional efectuaráa o organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta, adscrito ao Ministerio de Defensa, mentres non recoñeza oficialmente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha ou varias asociacións de criadores para o mantemento do seu propio libro xenealóxico da raza pura equina de que se trate. En calquera caso, o organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta cesará na xestión dos libros o día 31 de decembro de 2007.

Disposición transitoria segunda. Concesións.

As concesións a organizacións ou asociacións de criadores de équidos de razas puras para a xestión dun libro xenealóxico, ao abeiro do establecido no Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, quedarán extinguidas no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, ou con anterioridade, se se autorizou ou recoñeceu oficialmente unha asociación ou organización de criadores para a xestión do libro xenealóxico de que se trate de acordo con este real decreto.

Disposición transitoria terceira. Competencia.

Non obstante o previsto no artigo 6, para aquelas razas que xa teñan asociación oficialmente recoñecida á entrada en vigor deste real decreto, será considerada

autoridade competente aquela que lle outorgou o recoñecemento á dita asociación.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto constitúe normativa básica e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 13.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11450 *REAL DECRETO 696/2007, do 1 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos profesores de relixión prevista na disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.* («BOE» 138, do 9-6-2007.)

A ordenación do réxime xurídico do profesorado de relixión contou cunha diferente regulación durante as últimas décadas. O Concordato de 1953 dispoñía que a relixión católica a impartirían, nas escolas primarias, os propios mestres, salvo reparo motivado do Ordinario, e os profesores sacerdotes ou relixiosos e, subsidiariamente, profesores segrares nomeados pola autoridade civil competente, por proposta do Ordinario Diocesano, no ensino medio.

O acordo sobre ensino e asuntos culturais do 3 de xaneiro de 1979, suscrito entre o Estado español e a Santa Sé, punto de partida do réxime laboral vixente destes docentes, no seu artigo III dispuxo que este ensino o impartirían as persoas que designase a autoridade académica entre aquelas que o Ordinario Diocesano propuxer para exercer este ensino e, no seu artigo VII, que a situación económica dos profesores de relixión, nos distintos niveis educativos que non pertencen aos corpos docentes do Estado, se concertaría entre a Administración central e a Conferencia Episcopal Española.

De igual modo, uns anos máis tarde, subscribíronse acordos de cooperación coas outras confesións relixiosas que, conforme o previsto na Lei orgánica de liberdade relixiosa, teñen un arraigamento evidente ou notorio na sociedade española. En concreto, a Lei 24/1992,